

te

traballadores/as do ensino

CCOO
ensino



2026

XUBILACIÓNS

RÉXIME SEGURIDADE SOCIAL

ccooensino.gal



Editorial. Pensións do RXSS en 2026	3
Modalidades de xubilación. Xubilación ordinaria	4
Modalidades de xubilación. Xubilación anticipada involuntaria	7
Modalidades de xubilación. Xubilación anticipada voluntaria	11
Modalidades de xubilación. Xubilación parcial	17
Modalidades de xubilación. Xubilación postergada	19
Beneficios por parto e por coidado de fillos/as	21
Complemento para a redución da fenda de xénero	22
Compatibilidade	23
Integración de lagoas	25

EDITORIAL



José Fuentes
Federación de Ensino CCOO de Galicia
jfuentes-apg@galicia.ccoo.es

Pensións do réxime xeral da seguridade social en 2026

CCOO garante as túas pensións

A suba das pensións segue a garantir o mantemento do poder adquisitivo, conforme coa fórmula de actualización anual pactada cos axentes sociais e consolidada na Lei 21/2021, para preservar o poder adquisitivo das pensións.

En 2026, cunha inflación do 2,7 % no ano anterior, a fórmula de incremento acordada establece as seguintes subas:

- **As pensións contributivas incrementaranse, como norma xeral, nun 2,7 %.**
- **As pensións mínimas aumentarán un 7 %.**
- **As pensións non contributivas experimentarán unha suba do 11,4 %.**

A fórmula acordada, xunto con outras medidas, non só garante o mantemento do poder adquisitivo, senón tamén a sostibilidade do sistema de pensións.

De cara a 2026 introduciranse algúns cambios nas pensións do réxime xeral da seguridade social, que analizaremos en detalle nesta revista.

A pensión máxima increméntase nun 2,815 %, aumento derivado do 2,7 % de inflación media interanual máis 0,115 puntos porcentuais adicionais, en aplicación da regra establecida na reforma das pensións de 2023. Esta medida responde á suba sostida da base máxima de cotización, que sempre será superior ao incremento da pensión máxima. En consecuencia, a **pensión máxima** alcanzará os **3359,60 € mensuais, 47 034,40 € anuais**.

En segundo lugar, a partir de 2026 iníciase un proceso polo que se vai incrementar paulatinamente o **período de cálculo** da base reguladora para a pensión, nos termos que explicaremos tamén nesta revista.

Por outra parte, o 1 de xaneiro de 2026, o **mecanismo de equidade interxeracional (MEI)** sobe do 0,8 % ao 0,9%. Desta porcentaxe, a empresa pagará un 0,75 % e a persoa traballadora, un 0,15 %. Tamén se sobe a **cota adicional de solidariedade**. Este mecanismo aumenta a cotización á seguridade social dos salarios que superan a base máxima de cotización (5101,20 euros mensuais). Estas medidas están deseñadas para fortalecer o sistema público de pensións sen aumentar a presión sobre as rendas medias e baixas.

Finalmente, na **xubilación demorada** mantense o incentivo do incremento do 4 % da contía da pensión de xubilación por cada ano adicional de demora. Ademais, a partir do segundo ano completo, a pensión aumentará un 2 % por cada semestre adicional, fronte ao modelo actual, que só permite subas do 4 % por anos completos.

MODALIDADES DE XUBILACIÓN

1. Xubilación ordinaria

Coa Lei 27/2011, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, abordouse unha reforma das pensións. A idade ordinaria de xubilación, que ata ese momento era aos 65 anos, pasou a ter múltiples opcións entre os 65 e os 67 anos, en función dos anos de cotización. Aplicarase de forma progresiva ata o ano 2027, segundo o Cadro 1:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida	Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2013	35 anos e 3 meses ou máis	65 anos	2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 35 anos e 3 meses	65 anos 1 mes		Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos
2014	35 anos e 6 meses ou máis	65 anos	2022	37 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 35 anos e 6 meses	65 anos 2 meses		Menos de 37 anos e 6 meses	66 anos 2 meses
2015	35 anos e 9 meses ou máis	65 anos	2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos
	Menos de 35 anos e 9 meses	65 anos 3 meses		Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos 4 meses
2016	36 anos ou máis aos	65 anos	2024	38 anos ou máis	65 anos
	Menos de 36 anos	65 anos 4 meses		Menos de 38 anos	66 anos 6 meses
2017	36 anos e 3 meses ou máis	65 anos	2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 36 anos e 3 meses	65 anos 5 meses		Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos 8 meses
2018	36 anos e 6 meses ou máis	65 anos	2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 36 anos e 6 meses	65 anos 6 meses		Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos 10 meses
2019	36 anos e 9 meses ou máis	65 anos	A partir de 2027	38 anos e 6 meses ou máis	65 anos
	Menos de 36 anos e 9 meses	65 anos 8 meses		Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos
2020	37 anos ou máis	65 anos			
	Menos de 37 anos	65 anos 10 meses			

Cadro 1. Evolución da idade ordinaria de cotización, en función do tempo cotizado.

Para acceder á xubilación, téñense que reunir as seguintes condicións:

- A idade ordinaria de xubilación é aquela en que o traballador ou traballadora reúne o requisito de “carreira completa de cotización” (38 anos e 6 meses cotizados), tendo en conta que **non pode ser inferior a 65 anos nin superior a 67**.
- Ter cuberto un período **mínimo de cotización de 15 anos**, dos cales polo menos dous deberán estar comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito.

Tanto o requisito de “carreira completa de cotización” como a “idade de xubilación ordinaria máxima” evolucionan ao longo do período transitorio (2013-2027). En 2026, o intervalo é dun ano e dez meses, entre 65 anos e 66 anos e 10 meses, e en 2027 será de dous anos, entre os 65 e 67 anos.

O **cálculo da pensión** de xubilación ordinaria depende de dous factores:

- a contía das cotizacións e
- o tempo cotizado

A pensión obtense multiplicando a chamada “base reguladora” —que se calcula en función das contías de cotizacións realizadas— **por unha porcentaxe que está en función do número de meses cotizados:**

- Polos primeiros 15 anos cotizados: o 50 %.
- A partir do ano décimo sexto, por cada mes adicional de cotización, comprendidos entre os meses 1 e 248, engadirase o 0,19 %, e polos que superen o mes 248, engadirase o 0,18 %, sen que a porcentaxe aplicable á base reguladora supere, **como norma xeral**, o 100 %.

Estableceuse un período transitorio ata o ano 2027 dende a normativa anterior a esta (Cadro 2):

Datas	Adquisición da porcentaxe por cada mes adicional cotizado	
2013 a 2019	do mes 1 ao mes 163	0,21 %
	do mes 164 ao mes 246	0,19 %
2020 a 2022	do mes 1 ao mes 106	0,21 %
	do mes 107 ao mes 252	0,19 %
2023 a 2026	do mes 1 ao mes 49	0,21 %
	do mes 50 ao mes 258	0,19 %
A partir de 2027	do mes 1 ao mes 248	0,19 %
	do mes 249 ao mes 264	0,18 %

Cadro 2. Adquisición da porcentaxe por mes adicional. Período transitorio para actualizar a normativa anterior á actual.

A escala de adquisición de dereitos a pensión durante o período transitorio da reforma pódese observar no Cadro 3:

Datas	Número de anos cotizados que dan dereito ao 100 % da base reguladora
2013 a 2019	35 anos e 6 meses
2020 a 2022	36 anos
2023 a 2026	36 anos e 6 meses
A partir de 2027	37 anos

Cadro 3. Escala de adquisición de dereitos a pensión durante o período transitorio da reforma.

A contía das cotizacións: a reforma de 2023 amplía de 25 a 27 anos o período que se ha ter en conta para o cálculo da base reguladora da pensión de xubilación. Pero toma como referencia os últimos 29 anos anteriores ao mes previo ao do dereito causante, eliminando de oficio as 24 bases de cotización de menos importe. Esta norma aplicarase obrigatoriamente desde 2044 en adiante. Ata esa data, teremos dous sistemas de cálculo que convivirán transitoriamente, de acordo co Cadro 4:

Sistema	Período	Criterio para aplicar
Anterior	Ata 2026	A base reguladora da pensión de xubilación calcúlase tomando como referencia as bases de cotización dos últimos 25 anos (300 meses).
Transitorio	2026 a 2037	<p>Auméntase progresivamente o período para ter en conta e o tempo que poderá inaplicarse (<u>DA 40.ª LXSS segundo RDL 2/2023</u>).</p> <p>Ano a ano, vanse sumando 4 meses máis. Ao mesmo tempo, pódense deixar fóra os peores meses. Cada ano pódense descartar 2 meses máis.</p> <p>En 2037 chégase ao período definitivo: 348 meses (29 anos), dos que se elixen as bases de cotización dos 324 meses de maior importe. Descártanse, por tanto, os 24 meses de menor importe.</p> <p>A persoa interesada pode decidir entre o sistema anterior ou o transitorio en función do que lle resulte máis beneficioso.</p>
	2037 a 2040	<p>A persoa interesada pode decidir entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> os 324 mellores meses dos últimos 348 (29 anos) ou os últimos 300 meses (25 anos).
	2041 a 2043	<p>O período orixinal de 25 anos aumenta gradualmente.</p> <p>2041. Pódese elixir entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> os 324 mellores meses dos últimos 348 (29 anos) ou os últimos 306 meses (25 anos e medio). <p>2042. Entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> os 324 mellores meses dos últimos 348 (29 anos) ou os últimos 312 meses (26 anos). <p>2043. Entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> os 324 mellores meses dos últimos 348 (29 anos) ou os últimos 318 meses (26 anos e medio).
Novo	Dende 2044	Remata o período transitorio e o período de cálculo é obrigatoriamente de 348 meses (29 anos), dos que se elixen as bases de cotización dos 324 meses de maior importe.

Cadro 4. Sistemas de cálculo transitorios da base reguladora da pensión de xubilación.

MODALIDADES DE XUBILACIÓN

2. Xubilación anticipada

Na reforma de 2023 ([RDL 2/2023](#)) derrogáronse medidas establecidas polo Goberno de M. Rajoy en 2013 e melloráronse as que estaban en vigor anteriormente, ao abeiro da [Lei 27/2011](#). Diferenciamos dous tipos de xubilación anticipada:

2.1. Xubilación anticipada involuntaria

É a derivada do cesamento no traballo non imputable á vontade do traballador ou traballadora. Os requisitos e características aparecen no Cadro 5:

Requisitos da xubilación anticipada involuntaria	
Idade mínima de acceso	Máximo 4 anos de anticipo (respecto da idade ordinaria de xubilación que corresponda en cada caso)
Carreira de cotización efectiva necesaria para acceder	33 anos cotizados
Cotización á sombra	Si, aplícase o mecanismo de “cotización á sombra”
Causas de despedimento que dan dereito á xubilación	Artigo 207.d RDL 8/2015: 1. ^a O despedimento colectivo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme o art. 51 ET 2. ^a O despedimento por causas obxectivas (art. 52 ET) 3. ^a A extinción do contrato por resolución xudicial (RD-Lex. 1/2020 Lei concursal) 4. ^a Morte, xubilación ou incapacidade do empresario individual (art. 44 ET) 5. ^a A extinción do contrato de traballo motivada por forza maior (art. 51.7 ET) 6. ^a A extinción do contrato por vontade do traballador/a polas causas previstas nos arts. 40.1, 41.3 e 50 ET 7. ^a A extinción do contrato por vontade da traballadora por ser vítima de violencia de xénero prevista no art. 49.1.m ET
Acreditar a percepción da indemnización por despedimento	Si. Mediante documento da transferencia bancaria recibida ou documentación acreditativa equivalente
Permanencia previa en desemprego	6 meses
Pensión mínima	Tense acceso
Pensión máxima	A contía non poderá ser superior á resultante de reducir a pensión máxima nun -0,5 % por cada trimestre ou fracción de anticipo (equivale a 2 % anual)
Situación singular parados/as longa duración	Aplícase este réxime económico (non a idade) ás persoas desempregadas que accedan á xubilación dende o subsidio de desemprego durante tres meses ou máis, aínda que non cumpran as causas de cesamento de contrato
Coeficientes redutores	Si. Sobre a base reguladora da pensión (ver Cadro 6).

Cadro 5. Requisitos e características da xubilación anticipada involuntaria.



En todo caso, esta modalidade pode exercerse entre os 61 e os 63 anos, segundo sexa 65 ou 67 a idade ordinaria de xubilación.

A xubilación anticipada involuntaria ten coeficientes redutores que están en función do número de meses que se adiante a idade de xubilación sobre a idade ordinaria (Cadro 6):

Meses de anticipo da xubilación ordinaria	Carreira de cotización (continúa na páxina seguinte)			
	Menos 38 anos + 6 meses	Menos 41 anos + 6 meses	Menos 44 anos + 6 meses	44 anos + 6 meses ou máis
48	30,00	28,00	26,00	24,00
47	29,38	27,42	25,46	23,50
46	28,75	26,83	24,92	23,00
45	28,13	26,25	24,38	22,50
44	27,50	25,67	23,83	22,00
43	26,88	25,08	23,29	21,50
42	26,25	24,50	22,75	21,00
41	25,63	23,92	22,21	20,50
40	25,00	23,33	21,67	20,00
39	24,38	22,75	21,13	19,50
38	23,75	22,17	20,58	19,00
37	23,13	21,58	20,04	18,50
36	22,50	21,00	19,50	18,00
35	21,88	20,42	18,96	17,50
34	21,25	19,83	18,42	17,00
33	20,63	19,25	17,88	16,50
32	20,00	18,67	17,33	16,00
31	19,38	18,08	16,79	15,50
30	18,75	17,50	16,25	15,00
29	18,13	16,92	15,71	14,50
28	17,50	16,33	15,17	14,00
27	16,88	15,75	14,63	13,50
26	16,25	15,17	14,08	13,00
25	15,63	14,58	13,54	12,50
24	15,00	14,00	13,00	12,00
23	14,38	13,42	12,46	11,50
22	13,75	12,83	11,92	11,00
21	12,57	12,00	11,38	10,00


Meses de anticipo da xubilación ordinaria	Carreira de cotización (vén da páxina anterior)			
	Menos 38 anos + 6 meses	Menos 41 anos + 6 meses	Menos 44 anos + 6 meses	44 anos + 6 meses ou máis
20	11,00	10,50	10,00	9,20
19	9,78	9,33	8,89	8,40
18	8,80	8,40	8,00	7,60
17	8,00	7,64	7,27	6,91
16	7,33	7,00	6,67	6,33
15	6,77	6,46	6,15	5,85
14	6,29	6,00	5,71	5,43
13	5,87	5,60	5,33	5,07
12	5,50	5,25	5,00	4,75
11	5,18	4,94	4,71	4,47
10	4,89	4,67	4,44	4,22
9	4,63	4,42	4,21	4,00
8	4,40	4,20	4,00	3,80
7	4,19	4,00	3,81	3,62
6	3,75	3,50	3,25	3,00
5	3,13	2,92	2,71	2,50
4	2,50	2,33	2,17	2,00
3	1,88	1,75	1,63	1,50
2	1,25	1,17	1,08	1,00
1	0,63	0,58	0,54	0,50

Cadro 6. Coeficientes redutores das xubilacións anticipadas involuntarias.

Mantente informado nas nosas redes!

@ccooensino



Na modalidade de xubilación anticipada involuntaria (art. 207 LXSS), o importe resultante da pensión non poderá ser superior á cantidade que resulte de reducir o tope máximo de pensión nun 0,50 % por cada trimestre ou fracción de trimestre de anticipación (Cadro 7):

Meses de anticipo da xubilación ordinaria	Coefficiente redutor (%)	Meses de anticipo da xubilación ordinaria	Coefficiente redutor (%)
48	8,0	24	4,0
47	8,0	23	4,0
46	8,0	22	4,0
45	7,5	21	3,5
44	7,5	20	3,5
43	7,5	19	3,5
42	7,0	18	3,0
41	7,0	17	3,0
40	7,0	16	3,0
39	6,5	15	2,5
38	6,5	14	2,5
37	6,5	13	2,5
36	6,0	12	2,0
35	6,0	11	2,0
34	6,0	10	2,0
33	5,5	9	1,5
32	5,5	8	1,5
31	5,5	7	1,5
30	5,0	6	1,0
29	5,0	5	1,0
28	5,0	4	1,0
27	4,5	3	0,5
26	4,5	2	0,5
25	4,5	1	0,5

Cadro 7. Coeficientes redutores da pensión máxima na xubilación anticipada involuntaria.



2.2. Xubilación anticipada voluntaria

A que deriva da vontade da persoa interesada. Os seus requisitos e características pódense observar no Cadro 8:

Requisitos da xubilación anticipada voluntaria	
Idade mínima de acceso	Máximo 2 anos de anticipo (respecto da idade ordinaria de xubilación que corresponda en cada caso)
Carreira de cotización necesaria para acceder	35 anos cotizados
Cotización á sombra	Si, aplícase o mecanismo de "cotización á sombra"
Acceso garantido para persoal público afiliado á Seguridade Social	Permítese
Aplicación de coeficientes redutores	Sobre a base reguladora da pensión
Pensión mínima	É necesario que , unha vez aplicados os coeficientes redutores, a contía da pensión final sexa superior á pensión mínima que lle correspondería con 65 anos
Pensión máxima	Ata o 31/12/2023: a contía da pensión non poderá ser superior á contía resultante de reducir a pensión máxima nun -0,50 % por cada trimestre ou fracción de anticipo (equivalente ao 2 % anual) Desde o 1/1/2024: operan novos límites de pensión máxima que evolucionan no tempo en aplicación do período transitorio (2024-2033) regulado na <u>DT 34.^a LXSS</u>
Contía dos coeficientes	Ver Cadro 9

Cadro 8. Requisitos e características da xubilación anticipada voluntaria.



As pensións de xubilacións anticipadas voluntarias tamén teñen coeficientes redutores e son os seguintes (Cadro 9):

Meses de anticipo da xubilación ordinaria	Carreira de cotización			
	Menos 38 anos + 6 meses	Menos 41 anos + 6 meses	Menos 44 anos + 6 meses	44 anos + 6 meses ou máis
24	21,00	19,00	17,00	13,00
23	17,60	16,50	15,00	12,00
22	14,67	14,00	13,33	11,00
21	12,57	12,00	11,43	10,00
20	11,00	10,50	10,00	9,20
19	9,78	9,33	8,89	8,40
18	8,80	8,40	8,00	7,60
17	8,00	7,64	7,27	6,91
16	7,33	7,00	6,67	6,33
15	6,77	6,46	6,15	5,85
14	6,29	6,00	5,71	5,43
13	5,87	5,60	5,33	5,07
12	5,50	5,25	5,00	4,75
11	5,18	4,94	4,71	4,47
10	4,89	4,67	4,44	4,22
9	4,63	4,42	4,21	4,00
8	4,40	4,20	4,00	3,80
7	4,19	4,00	3,81	3,62
6	4,00	3,82	3,64	3,45
5	3,83	3,65	3,48	3,30
4	3,67	3,50	3,33	3,17
3	3,52	3,36	3,20	3,04
2	3,38	3,23	3,08	2,92
1	3,26	3,11	2,96	2,81

Cadro 9. Coeficientes redutores das xubilacións anticipadas voluntarias.

Na modalidade de xubilación anticipada voluntaria (art. 208 LXSS), o importe resultante da pensión non poderá ser superior á cantidade que resulte de reducir o tope máximo de pensión na porcentaxe que se sinala nos Cadros 10-13, por cada mes ou fracción de mes de anticipación:

Período cotizado inferior a 38 anos e 6 meses											
Meses de anticipo	2022 2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032	2033 e poste- riores
24	4,00	5,70	7,40	9,10	10,80	12,50	14,20	15,90	17,60	19,30	21,00
23	4,00	5,36	6,72	8,08	9,44	10,80	12,16	13,52	14,88	16,24	17,60
22	4,00	5,07	6,13	7,20	8,27	9,34	10,40	11,47	12,54	13,60	14,67
21	3,50	4,41	5,31	6,22	7,13	8,04	8,94	9,85	10,76	11,66	12,57
20	3,50	4,25	5,00	5,75	6,50	7,25	8,00	8,75	9,50	10,25	11,00
19	3,50	4,13	4,76	5,38	6,01	6,64	7,27	7,90	8,52	9,15	9,78
18	3,00	3,58	4,16	4,74	5,32	5,90	6,48	7,06	7,64	8,22	8,80
17	3,00	3,50	4,00	4,50	5,00	5,50	6,00	6,50	7,00	7,50	8,00
16	3,00	3,43	3,87	4,30	4,73	5,17	5,60	6,03	6,46	6,90	7,33
15	2,50	2,93	3,35	3,78	4,21	4,64	5,06	5,49	5,92	6,34	6,77
14	2,50	2,88	3,26	3,64	4,02	4,40	4,77	5,15	5,53	5,91	6,29
13	2,50	2,84	3,17	3,51	3,85	4,19	4,52	4,86	5,20	5,53	5,87
12	2,00	2,35	2,70	3,05	3,40	3,75	4,10	4,45	4,80	5,15	5,50
11	2,00	2,32	2,64	2,95	3,27	3,59	3,91	4,23	4,54	4,86	5,18
10	2,00	2,29	2,58	2,87	3,16	3,45	3,73	4,02	4,31	4,60	4,89
9	1,50	1,81	2,13	2,44	2,75	3,07	3,38	3,69	4,00	4,32	4,63
8	1,50	1,79	2,08	2,37	2,66	2,95	3,24	3,53	3,82	4,11	4,40
7	1,50	1,77	2,04	2,31	2,58	2,85	3,11	3,38	3,65	3,92	4,19
6	1,00	1,30	1,60	1,90	2,20	2,50	2,80	3,10	3,40	3,70	4,00
5	1,00	1,28	1,57	1,85	2,13	2,42	2,70	2,98	3,26	3,55	3,83
4	1,00	1,27	1,53	1,80	2,07	2,34	2,60	2,87	3,14	3,40	3,67
3	0,50	0,80	1,10	1,41	1,71	2,01	2,31	2,61	2,92	3,22	3,52
2	0,50	0,79	1,08	1,36	1,65	1,94	2,23	2,52	2,80	3,09	3,38
1	0,50	0,78	1,05	1,33	1,60	1,88	2,16	2,43	2,71	2,98	3,26

Cadro 10. Coeficientes redutores da pensión máxima na xubilación anticipada voluntaria. Período cotizado inferior a 38 anos e 6 meses.

Carreira de cotización igual ou superior a 38+6 e inferior a 41 anos e 6 meses											
Meses de anticipo	2022 2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032	2033 e posteriores
24	4,00	5,50	7,00	8,50	10,00	11,50	13,00	14,50	16,00	17,50	19,00
23	4,00	5,25	6,50	7,75	9,00	10,25	11,50	12,75	14,00	15,25	16,50
22	4,00	5,00	6,00	7,00	8,00	9,00	10,00	11,00	12,00	13,00	14,00
21	3,50	4,35	5,20	6,05	6,90	7,75	8,60	9,45	10,30	11,15	12,00
20	3,50	4,20	4,90	5,60	6,30	7,00	7,70	8,40	9,10	9,80	10,50
19	3,50	4,08	4,67	5,25	5,83	6,42	7,00	7,58	8,16	8,75	9,33
18	3,00	3,54	4,08	4,62	5,16	5,70	6,24	6,78	7,32	7,86	8,40
17	3,00	3,46	3,93	4,39	4,86	5,32	5,78	6,25	6,71	7,18	7,64
16	3,00	3,40	3,80	4,20	4,60	5,00	5,40	5,80	6,20	6,60	7,00
15	2,50	2,90	3,29	3,69	4,08	4,48	4,88	5,27	5,67	6,06	6,46
14	2,50	2,85	3,20	3,55	3,90	4,25	4,60	4,95	5,30	5,65	6,00
13	2,50	2,81	3,12	3,43	3,74	4,05	4,36	4,67	4,98	5,29	5,60
12	2,00	2,33	2,65	2,98	3,30	3,63	3,95	4,28	4,60	4,93	5,25
11	2,00	2,29	2,59	2,88	3,18	3,47	3,76	4,06	4,35	4,65	4,94
10	2,00	2,27	2,53	2,80	3,07	3,34	3,60	3,87	4,14	4,40	4,67
9	1,50	1,79	2,08	2,38	2,67	2,96	3,25	3,54	3,84	4,13	4,42
8	1,50	1,77	2,04	2,31	2,58	2,85	3,12	3,39	3,66	3,93	4,20
7	1,50	1,75	2,00	2,25	2,50	2,75	3,00	3,25	3,50	3,75	4,00
6	1,00	1,28	1,56	1,85	2,13	2,41	2,69	2,97	3,26	3,54	3,82
5	1,00	1,27	1,53	1,80	2,06	2,33	2,59	2,86	3,12	3,39	3,65
4	1,00	1,25	1,50	1,75	2,00	2,25	2,50	2,75	3,00	3,25	3,50
3	0,50	0,79	1,07	1,36	1,64	1,93	2,22	2,50	2,79	3,07	3,36
2	0,50	0,77	1,05	1,32	1,59	1,87	2,14	2,41	2,68	2,96	3,23
1	0,50	0,76	1,02	1,28	1,54	1,81	2,07	2,33	2,59	2,85	3,11

Cadro 11. Coeficientes redutores da pensión máxima na xubilación anticipada voluntaria. Carreira de cotización igual ou superior a 38 anos e 6 meses e inferior a 41 anos e 6 meses.

Carreira de cotización igual ou superior a 41+6 e inferior a 44 anos e 6 meses											
Meses de anticipo	2022 2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032	2033 e posteriores
24	4,00	5,30	6,60	7,90	9,20	10,50	11,80	13,10	14,40	15,70	17,00
23	4,00	5,10	6,20	7,30	8,40	9,50	10,60	11,70	12,80	13,90	15,00
22	4,00	4,93	5,87	6,80	7,73	8,67	9,60	10,53	11,46	12,40	13,33
21	3,50	4,29	5,09	5,88	6,67	7,47	8,26	9,05	9,84	10,64	11,43
20	3,50	4,15	4,80	5,45	6,10	6,75	7,40	8,05	8,70	9,35	10,00
19	3,50	4,04	4,58	5,12	5,66	6,20	6,73	7,27	7,81	8,35	8,89
18	3,00	3,50	4,00	4,50	5,00	5,50	6,00	6,50	7,00	7,50	8,00
17	3,00	3,43	3,85	4,28	4,71	5,14	5,56	5,99	6,42	6,84	7,27
16	3,00	3,37	3,73	4,10	4,47	4,84	5,20	5,57	5,94	6,30	6,67
15	2,50	2,87	3,23	3,60	3,96	4,33	4,69	5,06	5,42	5,79	6,15
14	2,50	2,82	3,14	3,46	3,78	4,11	4,43	4,75	5,07	5,39	5,71
13	2,50	2,78	3,07	3,35	3,63	3,92	4,20	4,48	4,76	5,05	5,33
12	2,00	2,30	2,60	2,90	3,20	3,50	3,80	4,10	4,40	4,70	5,00
11	2,00	2,27	2,54	2,81	3,08	3,36	3,63	3,90	4,17	4,44	4,71
10	2,00	2,24	2,49	2,73	2,98	3,22	3,46	3,71	3,95	4,20	4,44
9	1,50	1,77	2,04	2,31	2,58	2,86	3,13	3,40	3,67	3,94	4,21
8	1,50	1,75	2,00	2,25	2,50	2,75	3,00	3,25	3,50	3,75	4,00
7	1,50	1,73	1,96	2,19	2,42	2,66	2,89	3,12	3,35	3,58	3,81
6	1,00	1,26	1,53	1,79	2,06	2,32	2,58	2,85	3,11	3,38	3,64
5	1,00	1,25	1,50	1,74	1,99	2,24	2,49	2,74	2,98	3,23	3,48
4	1,00	1,23	1,47	1,70	1,93	2,17	2,40	2,63	2,86	3,10	3,33
3	0,50	0,77	1,04	1,31	1,58	1,85	2,12	2,39	2,66	2,93	3,20
2	0,50	0,76	1,02	1,27	1,53	1,79	2,05	2,31	2,56	2,82	3,08
1	0,50	0,75	0,99	1,24	1,48	1,73	1,98	2,22	2,47	2,71	2,96

Cadro 12. Coeficientes redutores da pensión máxima na xubilación anticipada voluntaria. Carreira de cotización igual ou superior a 41+6 e inferior a 44 anos e 6 meses.

Período cotizado igual ou superior a 44 anos e 6 meses											
Meses de anticipo	2022 2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032	2033 e posteriores
24	4,00	4,90	5,80	6,70	7,60	8,50	9,40	10,30	11,20	12,10	13,00
23	4,00	4,80	5,60	6,40	7,20	8,00	8,80	9,60	10,40	11,20	12,00
22	4,00	4,70	5,40	6,10	6,80	7,50	8,20	8,90	9,60	10,30	11,00
21	3,50	4,15	4,80	5,45	6,10	6,75	7,40	8,05	8,70	9,35	10,00
20	3,50	4,07	4,64	5,21	5,78	6,35	6,92	7,49	8,06	8,63	9,20
19	3,50	3,99	4,48	4,97	5,46	5,95	6,44	6,93	7,42	7,91	8,40
18	3,00	3,46	3,92	4,38	4,84	5,30	5,76	6,22	6,68	7,14	7,60
17	3,00	3,39	3,78	4,17	4,56	4,96	5,35	5,74	6,13	6,52	6,91
16	3,00	3,33	3,67	4,00	4,33	4,67	5,00	5,33	5,66	6,00	6,33
15	2,50	2,84	3,17	3,51	3,84	4,18	4,51	4,85	5,18	5,52	5,85
14	2,50	2,79	3,09	3,38	3,67	3,97	4,26	4,55	4,84	5,14	5,43
13	2,50	2,76	3,01	3,27	3,53	3,79	4,04	4,30	4,56	4,81	5,07
12	2,00	2,28	2,55	2,83	3,10	3,38	3,65	3,93	4,20	4,48	4,75
11	2,00	2,25	2,49	2,74	2,99	3,24	3,48	3,73	3,98	4,22	4,47
10	2,00	2,22	2,44	2,67	2,89	3,11	3,33	3,55	3,78	4,00	4,22
9	1,50	1,75	2,00	2,25	2,50	2,75	3,00	3,25	3,50	3,75	4,00
8	1,50	1,73	1,96	2,19	2,42	2,65	2,88	3,11	3,34	3,57	3,80
7	1,50	1,71	1,92	2,14	2,35	2,56	2,77	2,98	3,20	3,41	3,62
6	1,00	1,25	1,49	1,74	1,98	2,23	2,47	2,72	2,96	3,21	3,45
5	1,00	1,23	1,46	1,69	1,92	2,15	2,38	2,61	2,84	3,07	3,30
4	1,00	1,22	1,43	1,65	1,87	2,09	2,30	2,52	2,74	2,95	3,17
3	0,50	0,75	1,01	1,26	1,52	1,77	2,02	2,28	2,53	2,79	3,04
2	0,50	0,74	0,98	1,23	1,47	1,71	1,95	2,19	2,44	2,68	2,92
1	0,50	0,73	0,96	1,19	1,42	1,66	1,89	2,12	2,35	2,58	2,81

Quadro 13. Coeficientes redutores da pensión máxima na xubilación anticipada voluntaria. Período cotizado igual ou superior a 44 anos e 6 meses.

MODALIDADES DE XUBILACIÓN

3. Xubilación parcial

Esta modalidade de xubilación, que require o acordo expreso coa empresa, consiste en que unha traballadora ou traballador con xornada completa, ao cumprir uns determinados requisitos de idade e cotización/anos de servizos, pode reducir a súa xornada laboral, percibindo un salario proporcional á xornada efectivamente realizada, e, ademais, unha parte da pensión, proporcional á xornada deixada de traballar.

No caso das persoas que queiran acceder á xubilación parcial antes da súa idade ordinaria de xubilación, a parte da xornada laboral que non realiza debe ser cuberta obrigatoriamente por outro traballador/a mediante un contrato de remuda. Un tempo despois, no momento da xubilación total, ao traballador/a remudado en xubilación parcial recálculaselle a pensión computando o tempo traballado na situación de xubilación parcial coma se traballase a tempo total.

No caso de traballadores/as que cumpriran a idade ordinaria de xubilación e reúnan os requisitos para causar dereito á pensión de xubilación, sempre que se produza unha redución da súa xornada de traballo comprendida entre un mínimo do 25 % e un máximo do **75 % (incrementase este ano de 50 % a 75 %)**, poderán acceder á xubilación parcial sen necesidade da formalización simultánea dun contrato de remuda.

Pódese acceder á xubilación parcial tres anos antes da idade ordinaria de xubilación; iso si, o primeiro ano unicamente cunha redución de xornada entre o 20 % e o 33 %. Os outros dous anos, a redución da xornada pasa a ser de entre o 25 % e o 75 % e os **contratos de remuda** terán obrigatoriamente carácter **indefinido**, serán **a tempo completo** e deberán manterse polo menos dous anos despois da extinción da xubilación parcial. As cotizacións sociais serán do 100 % da base de cotización que correspondese por traballar a xornada completa.

O RDL 20/2012 derogou a posibilidade de xubilación parcial para todo o funcionariado, anulando todas as referencias que se facían a ela no artigo 67 do Estatuto Básico do Empregado Público. Pero si é posible para o persoal de administración e servizos dependente das Administracións públicas contratado en réxime laboral, en determinados casos e condicións, e sempre co acordo da empresa. Tamén, grazas a un acordo asinado por CCOO, dende 2026 está recollida no ensino concertado de Galicia para o persoal en pagamento delegado.

No Cadro 14 (na páxina seguinte) pódense observar os requisitos e características da xubilación parcial.

Requisitos da xubilación parcial	
Idade mínima de acceso	Máximo, 3 anos de anticipo (respecto da idade ordinaria de xubilación que corresponda en cada caso).
Carreira de cotización necesaria para acceder	33 anos (mínimo) 25 anos en caso de traballadores/as con discapacidade
Cotización á sombra	Si, aplícase o mecanismo de “cotización á sombra”
Redución máxima da xornada	O primeiro ano, entre o 20 % e o 33 %. O segundo e o terceiro anos, entre o 25 % e o 75 % . A persoa traballadora remudista terá contrato indefinido e xornada completa con compromiso de mantemento de emprego, como mínimo durante dous anos despois da extinción da xubilación parcial (se se incumpre, a empresa está obrigada ao reintegro da pensión da totalidade da xubilación parcial).
Cotización	O 100 % da xornada completa.
Relación bases cotización remudista / remudado	A base de cotización do remudista non pode ser inferior ao 65 % da do remudado.
Antigüidade mínima na empresa	6 anos
Coefficientes redutores	Non se prevén coeficientes redutores na contía da pensión do xubilado parcial.

Cadro 14. Requisitos e características da xubilación parcial.



MODALIDADES DE XUBILACIÓN

4. Xubilación postergada

Cando se **accede á pensión de xubilación a unha idade superior** á que resulte de aplicar en cada caso o establecido no artigo 205.1.a da LXSS (sempre que ao cumprir esa idade se reunise o período mínimo de cotización establecido), recoñecerase, **por cada ano completo cotizado** que transcorra desde que reuniu os requisitos para acceder a esta pensión, **un complemento económico** que se aboará dalgunha das seguintes formas, a elección da persoa interesada:

- Unha porcentaxe adicional do **4% por cada ano completo cotizado** entre a data en que cumpriu a dita idade e a do feito causante da pensión. A porcentaxe adicional obtida sumarase á que corresponda á persoa interesada, aplicándose a porcentaxe resultante á respectiva base reguladora. A partir do segundo ano completo de demora, para o cálculo da porcentaxe poderanse computar períodos superiores a seis meses e inferiores a un ano, a razón dun 2% adicional.
- **Unha cantidade a tanto alzado** por cada ano completo cotizado entre a data en que cumpriu a dita idade e a do feito causante da pensión, cuxa contía virá determinada, en función dos anos de cotización acreditados na primeira das datas indicadas, segundo as seguintes fórmulas:

- Menos de 44 anos e 6 meses cotizados:

$$\text{Pago único} = 800 \left(\frac{\text{Pensión inicial anual}}{500} \right)^{\frac{1}{1,65}}$$

- 44 anos e 6 meses cotizados ou máis:

$$\text{Pago único} = 880 \left(\frac{\text{Pensión inicial anual}}{500} \right)^{\frac{1}{1,65}}$$

Do mesmo xeito, a partir do segundo ano completo de demora, para o cálculo do complemento poderanse computar períodos superiores a seis meses e inferiores a un ano. Nese caso, os valores das fórmulas anteriores dividiríanse entre dous.

- Unha opción mixta entre as dúas anteriores. A DF primeira do RDL 11/2024 establece un prazo de seis meses para modificar e adaptar á nova realidade o artigo 3.2 do RD 371/2023, que desenvolve a aplicación da opción mixta. Este artigo especifica as distintas alternativas dispoñibles para aquelas persoas que desexen subscribirse a esta modalidade. Mentres non se aprobe esta modificación, seguirase aplicando o cadro 15, vixente actualmente.



Afíliate! É esencial.

ccoensino.gal

Idade ao xubilarse	Porcentaxe adicional vitalicia por anos	Aboamento único correspondente a
66 ou máis e menos de 67	Non hai posibilidade de opción mixta	
67 ou máis e menos de 68	1 x 4 % = 4 %	1 ano
68 ou máis e menos de 69	1 x 4 % = 4 %	2 anos
69 ou máis e menos de 70	2 x 4 % = 8 %	2 anos
70 ou máis e menos de 71	2 x 4 % = 8 %	3 anos
...

Cadro 15. Exemplos da combinación das formas de percepción do complemento económico para a xubilación postergada.

A elección da modalidade de pagamento do complemento terá que efectuarse no momento da solicitude da pensión de xubilación.

Como consecuencia da aplicación destas porcentaxes adicionais, poderase superar a pensión pública máxima, pero non se poderá superar a base máxima de cotización.

No suposto de que a contía da pensión recoñecida alcance a pensión pública máxima (3359,60 € mensuais para 2026) sen aplicar a porcentaxe adicional ou aplicándoa só parcialmente, a persoa interesada terá dereito, ademais, a percibir unha cantidade adicional cada ano. Esta cantidade calcúlase en función da porcentaxe adicional que non se usou ao determinar a contía da pensión. No entanto, a suma desta contía adicional ás pensións que poida ter recoñecidas a persoa, en cómputo anual, non pode superar o límite anual establecido. Iso significa que no réxime xeral da Seguridade Social pódese alcanzar unha pensión mensual de 5101,20 euros mensuais en 2026.

Este beneficio non será de aplicación nos supostos de xubilación parcial nin na xubilación flexible (aquela que se compatibiliza con traballo activo).



BENEFICIOS POR PARTO E POR COIDADADO DE FILLOS/AS

1. Beneficios por parto

O artigo 235 do Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de seguridade social, establece o recoñecemento de **112 días asimilados a cotizados por cada parto** (14 días máis por cada fillo/a adicional se o parto fose múltiple). O único requisito é non ter gozado, cobrado e cotizado o período do permiso por parto.

2. Beneficios por coidado de fillos/as

Está recollido no artigo 236 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de seguridade social. Os beneficios por coidado de fillos/as ou menores acollidos consisten no recoñecemento como períodos cotizados (para todos os efectos, agás para o cumprimento do período mínimo de cotización esixido) dun número de días, como consecuencia da interrupción da cotización, producidas entre os nove meses anteriores ao nacemento ou os tres meses anteriores á resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento preadoptivo ou permanente, e a finalización do sexto ano posterior a esta situación.

Neste caso, a diferenza do establecido no caso anterior (o artigo 235 da LXSS), **requírese unha interrupción da cotización** nas datas do parto ou do coidado de fillos/as.

A **duración máxima** do cómputo como período cotizado por cada fillo/a ou menor acollido/a, é de **270 días**.

Estes períodos computables por coidado de fillos/as ou menores acollidos/as son compatibles e acumulables cos períodos de cotización asimilados por parto, regulados no artigo 235 do Texto refundido da LXSS, de acordo coas especificacións que se mostran no Cadro 16:

Días computables por coidado de fillo/a (1)	Excedencia por coidado de fillos/as (2)	112 días por parto (3)	Excedencia por coidado doutros familiares (4)	Redución de xornada por coidado de fillos/as (5)
270 días	3 anos por fillo/a	112 días por fillo/a	3 anos por familiar	3 anos por fillo/a
Afecta límite de 5 anos por traballador/a		Excluído do límite de 5 anos		

Cadro 16. Situacións compatibles e acumulables cos períodos de cotización asimilados por parto.

(1) Art. 236 LXSS; (2) Art. 237.1 LXSS; (3) Art. 235 LXSS; (4) Art. 237.2 LXSS; (5) Art. 237.3 LXSS

O poder de cambiar as cousas

COMPLEMENTO PARA A REDUCIÓN DA FENDA DE XÉNERO

O antigo complemento por maternidade eliminouse e, no seu lugar, introduciuse o complemento para a redución da fenda de xénero ([artigo 60 da LXSS](#)). Este artigo establece que as mulleres e homes que tiveran un ou máis fillos ou fillas e que sexan persoas beneficiarias dunha pensión contributiva de xubilación (agás a xubilación parcial), de incapacidade permanente ou de viuvez xeradas con posterioridade ao 4 de febreiro de 2021 terán dereito a unha cantidade adicional na súa pensión (en xubilación parcial recoñécese cando se produce a xubilación plena).

Contía

No ano 2026, o importe é de 36,90 euros mensuais (14 pagas) por cada fillo ou filla, co límite de catro veces o dito importe. Este complemento poderá superar o límite máximo das pensións públicas. E actualizarase cada ano na mesma porcentaxe que as pensións contributivas. Non se ten en conta para determinar o complemento para pensións inferiores á mínima. Cando se compatibilizan pensións de máis dun réxime, o complemento aplicarase unicamente á causada no réxime en que se teñan máis períodos de alta.

Beneficiarias/os

Este complemento será recoñecido á muller, sempre que non haxa unha solicitude a favor do outro proxenitor. A percepción deste complemento non será compatible coa do outro proxenitor para os mesmos fillos ou fillas. Non se recoñecerá este complemento a pais ou nais privados da patria potestade nin aos pais condenados por violencia contra a muller.

Se ambos os proxenitores son do mesmo sexo, será recoñecido a quen perciba a pensión de menor contía.

Quen, ata a data, estivese percibindo o complemento por maternidade manterao. Se o dito complemento for menor que o novo complemento para a redución da fenda de xénero, pódese optar polo novo complemento.

En maio de 2025 produciuse un cambio. Para que un proxenitor varón puidese cobrar este complemento esixíanse unha serie de requisitos complementarios. A recente [sentenza do TXUE](#), de data 15/05/2025, recoñece este dereito aos varóns sen necesidade de cumprir estes requisitos adicionais. Se o está cobrando a muller, corresponderíalle ao home se ten unha pensión menor.



COMPATIBILIDADE

Partimos de dúas situacións:

1. Xubilación flexible (art. 213.1 LXSS, RD 1132/2002 arts. 4 a 9)

Compatibilízase unha porcentaxe da pensión cun traballo a tempo parcial.

Pendente de desenvolvemento regulamentario para coñecer o efecto sobre a contía da pensión e a porcentaxe de traballo permitida nun contrato a tempo parcial.

2. Xubilación activa (art. 214 LXSS)

Nesta situación, a persoa pensionista (con pensión contributiva) terá que cumprir os seguintes requisitos para compatibilizar a percepción da pensión cun posto de traballo no sector privado:

- Ser beneficiaria de pensión de **xubilación demorada** (acceder á xubilación, polo menos, un ano despois da idade ordinaria de xubilación).
- O **traballo compatible** poderá realizarse a **tempo completo ou a tempo parcial**.

Nesta situación hai unha “cotización de solidariedade” (reducida) só por incapacidade temporal e accidentes de traballo e enfermidades profesionais na que corresponde un 6 % ao empresario/a e un 2 % ao traballador/a.

Efecto sobre a pensión. Traballador/a por conta allea

A **contía da pensión** de xubilación compatible co traballo **será** equivalente á **porcentaxe** do importe resultante no recoñecemento inicial, unha vez aplicado, se procede, o límite máximo de pensión pública, ou do que se está percibindo, no momento de inicio da compatibilidade, excluído, en todo caso, o complemento por mínimos e incluíndo o complemento por fenda de xénero. Esta porcentaxe calcularase **en función do número de anos que se demorase o acceso á dita pensión** de acordo coa seguinte escala:

- Demora dun ano: 45 % da pensión.
- Demora de dous anos: 55 % da pensión.
- Demora de tres anos: 65 % da pensión.
- Demora de catro anos: 80 % da pensión.
- Demora de cinco anos: 100 % da pensión.

A porcentaxe de pensión que se percibirá ao inicio da situación de xubilación activa incrementárase 5 puntos porcentuais por cada 12 meses ininterrompidos que se permaneza na situación de xubilación activa, co máximo do 100 % da pensión. Consideraranse sempre anos completos.

Efecto sobre a pensión. Traballador/a por conta propia

Se o/a autónomo/a acredita ter contratada, polo menos, unha persoa traballadora por conta allea con contrato indefinido e unha antigüidade mínima de 18 meses, ou ben contratou un novo traballador ou traballadora por conta allea con contrato indefinido que non tivese vínculo laboral con el/ela nos dous anos anteriores á xubilación activa, a **pensión alcanzará o 75 % da base reguladora cando a demora no acceso á pensión sexa de entre un e tres anos. A partir do cuarto ano aplícase a escala anterior.** Ademais, en ambos os casos, a pensión incrementárase un 5 % por cada 12 meses consecutivos en xubilación activa, ata un máximo do 100 %.

Se non se acreditan as condicións do parágrafo anterior, aplícase directamente a escala citada.

As citadas pensións serán compatibles co complemento da porcentaxe por demora, que non se incrementará anualmente. Ademais, as cotizacións non darán lugar ao incremento da porcentaxe aplicable sobre a base reguladora, é dicir, non procede ningún recálculo da pensión.

No RXSS existe outra situación. Dende agosto de 2011, tras a entrada en vigor da Lei 27/2011, a percepción da pensión é compatible coa realización de traballos por conta propia (autónomo) se os ingresos totais anuais que se perciban non superan o salario mínimo interprofesional, en cómputo anual. Quen realice estas actividades non ten obriga de cotizar á seguridade social, pero tampouco xerará dereito a novas pensións.

Hai un caso particular na modalidade de xubilación activa: a xubilación de artistas.

Xubilación activa. Artistas

Os requisitos son:

- Ser beneficiario/a de pensión de **xubilación ordinaria (en caso de xubilarse anticipadamente, tería que esperar a cumprir a idade de xubilación ordinaria).**
- **O traballo compatible** (só nos casos en que quede exclusivamente encadrado no SE Artistas) poderá realizarse **por conta allea**, a tempo completo ou a tempo parcial, **e por conta propia.**
- As actividades profesionais que permiten a compatibilidade son as recoñecidas como actividade artística, as que realizan actividades técnicas ou auxiliares necesarias para o desenvolvemento das ditas actividades e a desenvolvida por autores/as de obras literarias, artísticas ou científicas, nos termos recollidos no art. 249.ter LXSS.

A persoa traballadora cotizará cun tipo de cotización especial de solidariedade (9 %, do que o 7 % está a cargo da persoa empregadora e o 2 % restante a cargo da persoa traballadora).

A contía da pensión de xubilación compatible co traballo será **equivalente ao 100 %** do importe do recoñecemento inicial (incluídos todos os conceptos e complementos: pensión máxima, complementos a mínimos, complemento de fenda de xénero...).

Esta é a única modalidade de xubilación activa que permite a **compatibilidade plena coa pensión non contributiva (100 % da contía)**. Os períodos cotizados durante esta modalidade de xubilación poden utilizarse para o recálculo da pensión de xubilación inicial.

INTEGRACIÓN DE LAGOAS


Aparecen lagoas de cotización cando, nas mensualidades que se teñen en conta para calcular a pensión, non existe cotización. Desde o 1 de xaneiro de 2026, o réxime de integración destas lagoas modificouse conforme ao criterio de xestión 1/2026 do INSS, de acordo coa sentenza do TXUE do 15 de maio de 2025 (asuntos C-623/23 e C-626/23).

A partir de agora, as lagoas intégranse do seguinte xeito, aplicándose o mesmo criterio tanto a homes como a mulleres:

- As primeiras 60 mensualidades intégranse co 100 % do valor da base mínima.
- As mensualidades 61 a 84 intégranse co 80 % do valor da base mínima.
- As restantes mensualidades terán o valor do 50 % da base mínima.



CCOO
únenos



únete a
CCOO



O Barco

Praza do Concello, 2
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María, 42-44
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla, 58
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería, 1
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro, 12
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Ribadeo

Avenida de Galicia, 20
679 147 726
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Santiago

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras, 11
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

Vilagarcía

Rúa Alexandre Bóveda, 2
986 502 000
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Viveiro

Rúa Alfredo García Dóriga
982 561 001
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

CCOO

ensino

O poder de cambiar as cousas

ccoensino.gal

